

José Alberte Corral Iglesias, poeta

Nas próximas semanas presentarase en Corcubión o libro «A carom da brétema», a última obra do poeta coruñés José Alberte Corral Iglesias, «feita mirando ó mar de Corcubión, pero non é sobre a vila, porque a miña poesía sempre intenta recoller ós homes de calquer lugar do mundo».

«A miña poesía intenta recoller ós homes de calquer lugar do mundo»

CEE, MARTA VALIÑA

Corresponsal de La Voz de Galicia

A carom da brétema, unha obra poética escrita en galego histórico, «porque hai que volver ós orixes», sairá a venda nos próximos días. Nela, José Alberte Corral Iglesias recolle as súas experiencias dos últimos anos e escribeas en Corcubión, «que xeográficamente dame un estado de ánimo de comunión co país e coa xente a pesares das barbaries urbanísticas que sofre».

—¿Cómo definiría a súa poesía?

—En toda a miña poesía quero remarcar os tres momentos que para min conforman o triángulo do ser huma-

no: a individualidade existencial, a loita colectiva e o mundo afectivo. A conxunción destes tres aspectos creo que é o que define toda a miña obra.

—¿En que se diferencia esta obra das anteriores?

—Sin quebra-la continuidade de dos libros anteriores, éste recolle unha nova sensación de estar nunha vila mariñeira facendo memoria dos tempos vividos e dos tempos presentes. Está escrito en Corcubión, e xeográficamente dame un estado de ánimo de comunión co país e coa xente, a pesares das barbaries urbanísticas.

—¿É por tanto un libro sobre Corcubión?

—Non, está feito en Corcubión pero non é sobre a vila



VALIÑA

O novo libro de Corral presentarase en Corcubión nas próximas semanas

porque a miña poesía sempre intenta recoller ós homes de calquer lugar do mundo. Está inspirado na vida vivida, tanto desde a orixe como no presen-

te actual. Está escrito ó mar de Corcubión, pero a poesía corresponde á historia existencial da miña vida en diversas partes do mundo.